

CA

CONTAS ANUAIS 2014

AMTEGA

Xuño 2015

**INFORME DE AUDITORÍA DO SECTOR PÚBLICO DAS CONTAS DA AXENCIA
PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)
CORRESPONDENTES A 2014**

I. INTRODUCCIÓN

ATD Auditores Sector Público, S.L e Auditores Asociados de Galicia, S.A.P., Unión Temporal de Empresas auditaron as contas anuais da AMTEGA que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2014, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do presuposto e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.

A Directora da AMTEGA é responsábel da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 4 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsábel do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material. As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas pola Directora da AMTEGA o 15 de Maio de 2015 e foron postas a disposición de ATD Auditores Sector Público, S.L e Auditores Asociados de Galicia, S.A.P., Unión Temporal de Empresas o 19 de Xuño de 2015.

II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. As devanditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co obxectivo de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.


III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da AMTEGA a 31 de decembro de 2014, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do presuposto correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular cos principios e criterios contables e presupostarios contidos neste.

IV. ASUNTOS QUE NON AFECTAN Á OPINIÓN

Sen que afecte á nosa opinión chamamos a atención sobre o que se indica na Nota 4 da memoria adxunta, e no que se fai referencia a que a Axencia aplica o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia que non foi adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública vixente publicado na Orde EHA/1037/2010 do 13 de abril.

22 de Xuño de 2015



D. Alejandro Martínez Gómez
Socio


A 31/12/2014

I. BALANCE DE SITUACIÓN



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)



BALANCE A 31 DE DECEMBRO DE 2014

(Expresado en euros)

ACTIVO	Notas	2014	2013	PASIVO	Notas	2014	2013
A) INMOBILIZADO				A) FONDOS PROPIOS			
II. Inmobilizacións inmateriais				I. Patrimonio			
2. Propiedade industrial	10 a)	29.344,60	11.519,60	II. Patrimonio	6 d)	22.911.078,64	22.911.078,64
3. Aplicacións informáticas		48.278.266,04	33.214.042,23	III. Resultados de exercicios anteriores		66.102.235,96	28.323.327,68
		32.201.158,11	15.270.646,74	1. Resultados positivos de exercicios anteriores			
6. Outro Inmobilizado inmaterial		(23.014.826,40)	(10.830.243,31)	IV. Resultados do exercicio		25.523.778,30	37.778.908,28
7. Amortizacións	10 b)			E) ACREEDORES A CURTO PRAZO			
III. Inmobilizacións materiais				III. Acreedores			
1. Instalacións técnicas e maquinaria		30.124.341,85	27.316.879,45	1. Acreedores orzamentarios		10.660.599,17	36.087.019,54
2. Mobiliario		214.804,91	179.075,66	2. Acreedores non orzamentarios		467,16	49.509,74
3. Outro Inmobilizado		51.735.597,26	37.759.246,93	4. Administracións públicas		315.118,13	1.617.881,16
4. Amortizacións		(25.630.713,98)	(13.716.156,22)	5. Outros acreedores		36.244,83	6.345,52
C) ACTIVO CIRCULANTE							
II. Debedores	8 b)						
1. Debedores orzamentarios		11.216.250,27	36.339.055,31				
5. Outros debedores		395.299,53	1.230.004,17				
IV. Tesourería		-	-				
TOTAL ACTIVO		125.549.522,19	126.774.070,56	TOTAL PASIVO		125.549.522,19	126.774.070,56

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014


A 31/12/2014

**I. CONTA DO RESULTADO
ECONÓMICO-PATRIMONIAL**



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)



CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2014
(Expressada en Euros)

DEBE	Notas	2014	2013	HABER	Notas	2014	2013
A) GASTOS				B) INGRESOS			
1. Outros gastos de xestión ordinaria				1. Ingresos de xestión ordinaria			
a) Gastos de persoal				a) Ingresos tributarios			
a.1) Soldos, salarios e asimilados		7.385.605,52	7.238.512,96	a.8.) Taxas por prestación de servizos		3.620,01	
a.2) Cargas sociais		1.940.641,98	1.898.365,65	2. Outros ingresos de xestión ordinaria			
c) Dotación para amortizacións de inmovilizado	10	24.099.140,85	14.717.329,99	c) Outros ingresos de xestión			
e) Outros gastos de xestión				c.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
e.1) Servizos Exteriores		6.431.299,96	7.441.042,62	f) Outros intereses e ingresos asimilados			84.493,99
e.2) Tributos		1.179,41	208,80	f.1) Outros intereses		12.173,44	19.747,90
6. Transferencias e subvencións				3. Transferencias e subvencións	8 a)		
a) Transferencias correntes		1.433.981,41	1.470.150,15	a) Transferencias correntes		18.587.355,29	18.807.390,68
b) Subvencións correntes	7 e)	859.115,70	923.983,39	b) Transferencias de capital		49.502.146,26	72.842.166,87
c) Transferencias de capital		113.054,27	219.007,72	c) Subvencións de capital			900.000,00
d) Subvencións de capital		320.497,60	21.896.441,32	4. Ganancias e ingresos extraordinarios			
3. Perdas e gastos extraordinarios				d) Ingresos e beneficios doutros exercicios		3.000,00	1.132.439,21
d) Gastos e perdas doutros exercicios			202.287,77				
AFORRO		25.523.778,30	37.778.908,28	DESAFORRO			

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.

A 31/12/2014

**I. ESTADO DE LIQUIDACIÓN
DO ORZAMENTO**



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

A) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

CONTA	DEFINITIVO (1)	GASTOS COMPROMETIDOS (2)	OBRIGAS RECONEC NETAS (3)	REMANENTES DE CRÉDITO (4)=(1)-(3)	PAGAMENTOS (5)	OBRIG.PTESP AG. A 31/DEC (6)=(3)-(5)
100 Retribucións básicas	51.789,00	51.316,56	51.316,56	472,44	51.316,56	-
120 Soldos por subgrupos	2.963.718,71	2.230.272,04	2.230.272,04	733.446,67	2.230.272,04	-
121 Complementos de carreira	2.975.324,39	2.604.151,31	2.604.151,31	371.173,08	2.604.151,31	-
130 Prestacións por diferenzas retributivas	1.092.185,00	1.146.662,82	1.146.662,82	(54.477,82)	1.146.662,82	-
133 Trienios	817.549,75	641.495,68	641.495,68	176.054,07	641.495,68	-
134 Outras remuneracións	760.162,00	711.707,11	711.707,11	48.454,89	711.707,11	-
160 Seguridade Social	2.081.679,06	1.934.161,98	1.934.161,98	147.517,08	1.934.161,98	-
162 Gastos sociais do persoal	-	6.480,00	6.480,00	(6.480,00)	6.480,00	-
CAPITULO I: GASTOS DE PERSOAL	10.742.407,91	9.326.247,50	9.326.247,50	1.416.160,41	9.326.247,50	-
203 Maquinaria, instalacións e utensilios	-	174.970,80	174.970,80	(174.970,80)	163.170,80	11.800,00
205 Mobiliario e utensilios	1.400,00	-	-	1.400,00	-	-
206 Equipamento para procesos de información	(28.514,48)	-	-	(28.514,48)	-	-
212 Edificios e outras construcións	1.000,00	17.006,19	17.006,19	(16.006,19)	16.060,96	945,23
213 Maquinaria, instalacións e utensilios	6.000,00	493,50	493,50	5.506,50	493,50	-
214 Material de transporte	-	21.736,71	21.736,71	(21.736,71)	-	21.736,71
216 Equipamentos para procesos de información	2.787.700,76	3.120.077,16	2.686.393,93	101.306,83	2.137.858,82	548.535,11
220 Material informático	68.467,00	108.814,01	100.562,31	(32.095,31)	77.102,46	23.459,85
222 Telefonía e postais	3.979.725,00	3.234.739,26	3.117.202,59	862.522,41	2.433.149,42	684.053,17
223 Transportes	-	2.824,14	2.824,14	(2.824,14)	-	2.824,14
224 Primas de seguros	-	19.623,06	19.623,06	(19.623,06)	18.961,15	661,91
225 Tributos	209,00	1.179,41	1.179,41	(970,41)	1.179,41	-
226 Reunións, conferencias e cursos	47.000,00	46.968,66	46.968,66	31,34	44.911,66	2.057,00

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.

(Continúa)



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)



A) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

CONTA	DEFINITIVO (1)	GASTOS COMPROMETIDOS (2)	ORRIGAS RECONEC NETAS (3)	REMANENTES DE CRÉDITO (4)=(1)-(3)	PAGAMENTOS (5)	OBRIG.PTESP AG. A 31/DEC (6)=(3)-(5)
227 Estudos e traballos técnicos	181.811,52	203.874,01	203.874,01	(22.062,49)	139.096,66	64.777,35
230 Axudas de custo	50.000,00	14.274,09	14.274,09	35.725,91	13.662,87	611,22
231 Locomoción	88.000,00	39.872,42	39.872,42	48.127,58	37.749,01	2.123,41
CAPITULO II: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	7.182.798,80	7.006.453,42	6.446.981,82	735.816,98	5.083.396,72	1.363.585,10
403 Transferencias correntes a entes públicas	1.433.981,41	1.433.981,41	1.433.981,41	-	1.433.981,41	-
444 Transferencias correntes a sociedades mercantís estatais, entidades empresariais e outros organismos públicos	70.000,00	70.000,00	70.000,00	-	70.000,00	-
460 Transferencias correntes a entidades locais	1.093.967,43	1.063.429,90	1.063.429,90	30.537,53	1.063.429,90	-
CAPITULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.597.948,84	2.567.411,31	2.567.411,31	30.537,53	2.567.411,31	-

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.

(Continúa)



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

A) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA


CONTA	DEFINITIVO (1)	GASTOS COMPROMETIDOS (2)	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS (3)	REMANENTES DE CRÉDITO (4)=(1)-(3)	PAGAMENTOS (5)	OBRIG. PTESP AG. A 31/DEC (6)=(3)-(5)
603 Desenvolvemento tecnoloxías da información e telecomunicacións	4.690.298,30	3.998.723,29	1.770.966,38	2.919.331,92	1.440.006,78	330.959,60
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	-	21.466,20	21.466,20	(21.466,20)	21.466,20	-
625 Mobiliario e utensilios	-	37.563,13	37.563,13	(37.563,13)	25.001,10	12.562,03
626 Equipos para procesos de información	50.789.106,79	37.128.458,99	33.209.168,08	17.579.938,71	27.872.942,07	5.336.226,01
628 Outro inmovilizado material	-	32.000,00	32.000,00	(32.000,00)	32.000,00	-
633 Outro inmovilizado	30.551,07	-	-	30.551,07	-	-
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	14.739.725,19	13.986.679,90	13.626.631,13	1.113.094,06	11.387.242,89	2.239.388,24
CAPITULO VI: INCREMENTOS REAIS	70.249.681,35	55.204.891,51	48.697.794,92	21.551.886,43	40.778.659,04	7.919.135,88
741 Transferencias de capital a Sociedades mercantís da CAG	151.151,00	246.822,27	246.822,27	(95.671,27)	164.322,27	82.500,00
770 Achegas ás empresas	216.431,90	47.325,44	7.879,11	208.552,79	3.010,77	4.868,34
775 Extensión da banda larga	563.822,72	563.822,53	-	563.822,72	-	-
781 Achegas a institucións sen fins de lucro	486.399,41	560.775,86	549.649,96	(63.250,55)	359.509,12	190.140,84
CAPITULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.417.805,03	1.418.746,10	804.351,34	613.453,69	526.842,16	277.509,18
952 Devolución de préstamos	10.593.136,28	10.593.136,28	10.593.136,28	-	10.593.136,28	-
CAPITULO IX: PASIVOS FINANCIEROS	10.593.136,28	10.593.136,28	10.593.136,28	-	10.593.136,28	-
TOTAIS	102.783.778,21	86.116.886,12	78.435.923,17	24.347.855,04	68.875.693,01	9.560.230,16

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA
DE GALICIA (AMTEGA)



Estado de liquidación do orzamento do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

A Axencia recibiu durante o exercicio 2014 un importe de 60.095.282,54 euros e 18.587.355,29 euros de transferencias de capital e correntes respectivamente, das que están pendentes de cobramento 11.216.250,27 euros ao 31 de decembro de 2014. Ademais das transferencias recibidas, a Amtega tivo no exercicio 2014 ingresos por xuros financeiros por importe de 12.173,44 euros, e ingresos por taxas por importe de 3.620,01 euros (véxase nota 8 (a)).



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)



ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2014
RESULTADO ORZAMENTARIO
(Expresado en Euros)

Concepto	Dereitos recoñecidos NETOS	Obrigas recoñecidas NETAS	IMPORTES
1. (+) Operacións non financeiras	78.686.257,84	78.435.923,17	250.334,67
2. (+) Operacións con activos financeiros	12.173,44	-	12.173,44
3. (+) Operacións comerciais	-	-	-
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	78.698.431,28	78.435.923,17	262.508,11
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS	-	-	-
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			262.508,11
4. (+) Créditos Gastados Financiados con remanente de Tesourería			1.433.981,41
5. (-) Desviacións de financiación positivas por recursos do exercicio en gastos con financiación afectada			-
6. (+) Desviacións de financiación negativas en gastos con financiación afectada			-
IV. SUPERÁVIT OU DÉFICIT DE FINANCIACIÓN DO EXERCICIO (III+4+5+6)			1.696.489,52

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.

A memoria que se xunta forma parte das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014.

A 31/12/2014

I. MEMORIA



Memoria de Contas anuais

31 de decembro de 2014

(1)	Organización	1
(2)	Bases de presentación	3
(3)	Distribución de Resultados	4
(4)	Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados	4
(a)	Inmovilizacións inmateriais e materiais	4
(b)	Debedores	4
(c)	Curto/longo prazo	5
(d)	Ingresos e gastos	5
(e)	Situación fiscal	5
(5)	Estado Operativo	5
(6)	Información de Carácter Financeiro	6
(a)	Cadro de financiamento	6
(b)	Remanente de tesourería	7
(c)	Tesourería	8
(d)	Fondos Propios	8
(7)	Información sobre a Execución do Gasto Público	9
(a)	Modificación de crédito	9
(b)	Remanentes de crédito	13
(c)	Clasificación funcional do gasto	13
(d)	Contratación administrativa	14
(e)	Transferencias e subvencións concedidas	15
(f)	Convenios	16
(g)	Persoal	16
(h)	Anticipos de tesourería	16
(i)	Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores	17
(8)	Información sobre a Execución do Ingreso Público	18
(a)	Proceso de xestión	18
(b)	Debedores orzamentarios	19
(c)	Dereitos orzamentarios pendentes de cobro segundo o seu grao de esixibilidade;	Error!
	Marcador no definido.	
(d)	Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores	19
(9)	Gastos con Financiamento Afectado	19
(10)	Información sobre o Inmovilizado non Financeiro	19
(a)	Inmovilizacións inmateriais	19
(b)	Inmovilizacións materiais	20
(11)	Información sobre o Endebemento	22
(12)	Outra Información	22



Memoria de Contas anuais

31 de decembro de 2014

(1) Organización

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante a Amtega ou a Axencia) é unha axencia pública autonómica creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro. A súa constitución efectiva produciuse con data 9 de marzo de 2012.

No artigo 1 dos seus estatutos establécese que a Amtega ten personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión, dentro dos límites establecidos pola normativa vixente e por este estatuto.

A Amtega aglutina as competencias que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e concentra os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás actuais estruturas TIC dispersas no sector público autonómico. De conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

A Disposición adicional cuarta do citado Decreto 252/2011, do 15 de decembro, establece que a Amtega asumirá progresivamente, de conformidade co plan para a posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de xullo de 2011, e de acordo co disposto na disposición transitoria terceira deste decreto a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicacións ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Polo tanto, a Amtega queda subrogada, dende o momento da súa asunción efectiva, en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas relativos ás competencias en materia tecnolóxica que asuma das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes.

O proceso de integración é gradual e comeza co acto de creación da entidade instrumental e aprobación dos seus estatutos. Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais, que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o persoal TIC, das secretarías xerais da Presidencia xunto co persoal TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Esta primeira fase culminou no primeiro trimestre do ano 2012.

Nunha segunda fase, que tivo lugar ao longo do ano 2012, adscribíronse á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións doutras 5 consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar, e Medio Rural e do Mar.

Memoria de Contas anuais

Ao 31 de decembro de 2013 as consellerías e secretarías cuxos recursos en materia TIC foron adscritos á Axencia eran a Consellería do Medio Rural e do Mar, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Traballo e Benestar, Consellería de Facenda, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Consellería de Presidencia, Secretaría Xeral de Deporte, Secretaría Xeral de Emigración, Secretaría Xeral de Igualdade, Secretaría Xeral de Medios, Secretaría Xeral de Presidencia e Secretaría Xeral de Turismo.

Durante o exercicio 2014 non se produciron novas adscricións de recursos TIC á Axencia por parte de outros entes públicos pertencentes á Xunta de Galicia.

O seu domicilio encóntrase no Complexo Administrativo Cidade da Cultura, s/n, en Santiago de Compostela (A Coruña).

Os obxectivos básicos a que debe dar cumprimento a Axencia acadaranse mediante a prosecución dos seguintes obxectivos específicos:

- Favorecer a prestación dun modelo de servizos flexible e o principio de responsabilidade pola xestión.
- Optimizar o rendemento da entidade, demostrando que a austeridade non está rifada coa eficacia e a responsabilización por obxectivos.
- Promover a participación e colaboración do ámbito privado, tanto empresarial como de entidades que dan soporte á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico.
- Asegurar a posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliar esforzos de todo o Goberno e a administración da comunidade autónoma. Isto tradúcese principalmente na participación daquelas no Consello Reitor da Axencia.

En canto ao estatuto, prevese a existencia de órganos de goberno (Presidencia e Consello Reitor), de goberno executivos (Dirección) e de control (Comisión de Control).

Con respecto á organización interna, a Amtega dispón dunha estrutura de persoal que responde a este modelo organizativo:

1. Como persoal directivo, ademais do Xerente, conta con 4 Directores de Área (Infraestruturas e Telecomunicacións, Modernización das Administracións Públicas, Solucións Tecnolóxicas Sectoriais e Sociedade Dixital).
2. Para as funcións administrativas conta cos seguintes Departamentos: persoal, xurídico, orzamentario, contratación e relacións institucionais.



Memoria de Contas anuais

A normativa reguladora da Axencia é a seguinte:

- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2014.
- Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia.
- Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
- Orde da Consellería de Facenda do 13 de novembro de 2014 pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2014.

(2) Bases de presentación

No cumprimento da lexislación vixente a directora da Axencia formulou estas contas anuais co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, da liquidación do orzamento e dos cambios na situación financeira do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014, así como a proposta de distribución de resultados do dito exercicio.

Estas contas anuais preparáronse a partir dos rexistros auxiliares de contabilidade da Axencia.

Na interpretación das presentes contas anuais debe terse en conta que o aforro contido na conta do resultado económico-patrimonial do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014 difire do resultado orzamentario incluído no estado de liquidación do orzamento ademais de por axustes necesarios para a adaptación de ambas políticas contables, pola existencia de gastos por importe de 1.100.369,01 euros incorridos en 2014 (1.625.677,89 euros en 2013) e que foron obxecto de recoñecemento a efectos da contabilidade financeiro-patrimonial, de conformidade co disposto nas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2011.

A directora da Axencia estima que as contas do exercicio 2014 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.

Memoria de Contas anuais

(3) Distribución de Resultados

A proposta de distribución de resultados do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014, o cal ascende a 25.523.778,30 euros, formulada pola Directora e que se someterá á aprobación do Consello Reitor da Axencia, consiste en traspasar o aforro do exercicio á conta de resultados positivos de exercicios anteriores.

(4) Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados

Estas contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contida no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e conforme aos criterios establecidos na Orde do 13 de novembro do 2014 pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2014. Os principais principios aplicados son os seguintes:

(a) Inmobilizacións inmateriais e materiais

As inmobilizacións inmateriais e materiais valóranse polo seu custo de adquisición ou valor de achega, segundo proceda, e preséntanse netas da súas correspondentes amortizacións acumuladas.

A amortización dos elementos do inmovilizado inmaterial e material realízase sobre os valores de custo ou de achega segundo proceda, seguindo o método lineal durante os seguintes anos de vida útil estimada pola Axencia:

	Anos de vida útil
Propiedade industrial	10
Aplicacións informáticas	5
Outro inmovilizado inmaterial	5
Instalacións técnicas e maquinaria	10
Utensilios e mobiliario	10
Equipos para procesos de información	5
Outro inmovilizado material	10

Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado inmaterial e material, segundo proceda, que non melloran a súa utilización ou non prolongan a súa vida útil cárganse á conta do resultado económico-patrimonial no momento en que se incorren.

(b) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

Memoria de Contas anuais

(c) Curto/longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses dende a data de peche do exercicio e a longo prazo cando exceden do dito período.

(d) Ingresos e gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos. No caso das subvencións concedidas pola Axencia, os gastos derivados delas recoñécense no momento en que, recibida unha solicitude de cobro por parte do interesado, se acredite a realización e pagamento das actuacións subvencionadas e o resto de requisitos que se lle requiren na resolución de concesión da subvención.

De acordo coa normativa contable aplicable, as transferencias e subvencións recibidas, sexan correntes ou de capital, abónanse a resultados no momento en que son concedidas.

Seguindo o principio de prudencia, a Axencia unicamente contabiliza os ingresos efectivamente realizados ao peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais contabilízanse tan pronto son coñecidos.

(e) Situación fiscal

A Amtega é un ente de dereito público adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia. En base a isto e ao disposto no artigo 9 da Lei do Imposto sobre Sociedades en relación coa exención total de que gozan determinados entes do sector público, a Axencia encóntrase exento do Imposto sobre Sociedades.

(5) Estado Operativo

O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2014, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación:

Memoria de Contas anuais

<u>GASTOS ORZAMENTARIOS</u>	<u>EUROS</u>	<u>INGRESOS ORZAMENTARIOS</u>	<u>EUROS</u>
Persoal	9.326.247,50	Transferencias correntes	18.587.355,29
Gastos correntes	6.446.981,82	Taxas, prezos e outros ingresos	3.620,01
Transferencias e subvencións correntes	2.567.411,31	Ingresos patrimoniais	12.173,44
Inversións reais	48.697.794,92	Transferencias de capital	60.095.282,54
Transferencias e subvencións de capital	804.351,34		
Pasivos financeiros	10.593.136,28		
TOTAIS	78.435.923,17	TOTAIS	78.698.431,28

(6) Información de Carácter Financeiro

(a) Cadro de financiamento

O cadro de financiamento da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2014, en euros, preséntanse a continuación:

<u>FONDOS APLICADOS</u>	<u>2014</u>	<u>FONDOS OBTIDOS</u>	<u>2014</u>
2. Recursos aplicados en operación de xestión		1. Recursos procedentes de operación de xestión	
c) Servizos exteriores	6.431.299,96	e) Taxas, prezos públicos e contribucións especiais	3.620,01
e) Gastos de persoal	9.326.247,50	f) Transferencias e subvencións	68.089.501,55
g) Transferencias e subvencións	2.726.648,98	g) Ingresos financeiros	12.173,44
h) Gastos financeiros		h) Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepx.	3.000,00
i) Outras, perdas de xestión corrente e gastos excepción		4. Débedas a longo prazo	
j) Dotación provisións de activos circulantes		b) Préstamos recibidos	
5. Adquisicións e outras altas de inmovilizado		5. Alleamento e outras baixas de inmovilizado	
b) I. inmateriais	48.814.277,16	c) I. materiais	
c) I. materiais	31.994.735,18	d) I. financeiras	
e) I. financeiras	16.819.541,98	6. Cancelación anticipada ou traspaso a c/p de inmob. Financ.	
7. Cancelación ou traspaso a c/p de débedas a l/p			
c) Outros conceptos			
TOTAL APLICACIÓNS	67.298.473,60	TOTAL ORIXES	68.108.295,00
EXCESO DE ORIXES S/APLICACIÓNS (AUMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE)	809.821,40	EXCESO DE APLICACIÓN S/ORIXES (DIMINUCIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE)	

Memoria de Contas anuais

(b) Remanente de tesourería

Os estado do remanente de tesourería da Axencia ao 31 de decembro de 2014 é o seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>		<u>EUROS</u>
(+) Dereitos pendentes de cobro		11.611.549,80
- (+) de Presuposto corrente	11.216.250,27	
- (+) de Presupostos pechados		
- (+) de operacións non orzamentarias	395.299,53	
- (-) de dubidoso cobro		
(-) Obrigas pendentes de pagamento		9.912.060,28
- (+) de Presuposto corrente	9.560.230,16	
- (+) de Presupostos pechados		
- (+) de operacións non orzamentarias	351.830,12	
(+) Fondos líquidos		
I. Remanente de Tesourería afectado		1.699.489,52
II. Remanente de Tesourería non afectado		
III. Remanente de Tesourería total (1-2+3)=(I+II)		1.699.489,52

A Lei 11/2013, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2014 indica no seu artigo 10 que as axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de Tesourería non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De non realizarse a incorporación, procederase conforme ao disposto neste artigo para os organismos autónomos e os entes públicos empresariais, que indica que transferirán ao orzamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma o importe do "remanente de Tesourería non afectado" resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario. Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 4 de setembro de 2014, autorizou á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a realizar as operacións de ingreso, de ordenación e de realización material de pagamentos ó abeiro da Disposición Derradeira Décima da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en nome da Amtega, o que ocasiona que ó 31 de decembro de 2014 a Axencia careza de fondos líquidos.

Memoria de Contas anuais

(c) Tesourería

O estado de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2014 preséntase a continuación:

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	EXERCICIO 2014	
	AUMENTOS	DIMINUCIÓN
1. Debedores		(24.727.505,51)
a) Orzamentarios		(25.122.805,04)
b) Outros debedores	395.299,53	
2. Acredores	26.748.326,67	
a) Orzamentarios	25.426.420,37	
b) Non orzamentarios	1.321.906,30	
7. Tesourería		(1.230.004,17)
c) Outros bancos e institucións de crédito		(1.230.004,17)
TOTAL VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	790.816,99	

CONCEPTOS		EUROS
1.	COBROS	103.851.128,41
	- (+) do Orzamento corrente	67.482.181,01
	- (+) de Orzamentos pechados	36.339.055,31
	- (+) de operacións non orzamentarias	29.892,09
2.	PAGAMENTOS	105.081.132,58
	- (+) do Orzamento corrente	68.875.693,01
	- (+) de Orzamentos pechados	34.457.690,51
	- (+) de operacións non orzamentarias	1.747.749,06
I.	Fluxo neto de Tesourería do exercicio (1-2)	(1.230.004,17)
3.	Saldo inicial de Tesourería	1.230.004,17
II.	Saldo final de Tesourería (I+3)	-

Memoria de Contas anuais

(d) Fondos Propios

O movemento en 2014 no epígrafe de “Fondos Propios” do balance é o seguinte (en euros):

	<u>Saldo 31/12/2013</u>	<u>Altas</u>	<u>Traspasos</u>	<u>Saldo 31/12/2014</u>
Patrimonio	22.911.078,64	-	-	22.911.078,64
Resultados do exercicio	66.102.235,96	25.523.778,30	-	91.626.014,26
Totais	89.013.314,60	25.523.778,30	-	114.537.092,90

O importe rexistrado en “patrimonio” correspóndese aos seguintes conceptos:

- Aplicacións informáticas por importe de 1.879 miles de euros correspondentes ás adscricións da extinta Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
- 5.932 miles de euros que se corresponden aos equipos para procesos de información procedentes das adscricións da extinta Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
- Infraestruturas tecnolóxicas incluídas na encomenda de Plan de Banda Larga a Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. por importe de 13.115 miles de euros.
- Altas de equipos para procesos de información procedentes da extinta Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e derivados dos convenios asinados coa entidade pública empresarial Red.es, por 1.985 miles de euros.

Os devanditos importes encóntranse rexistrados nos epígrafes correspondentes do inmovilizado inmaterial e material segundo corresponda (nota 10)

(7) Información sobre a Execución do Gasto Público

(a) Modificación de crédito

A AMTEGA elaborou o orzamento correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2014 tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades e obxectivos que se propoñen conseguir. O citado orzamento é público, único e equilibrado. A súa estrutura e o seu sistema contable axústanse ás normas que con carácter xeral se establecen para o sector público a efectos de normalización contable.

Memoria de Contas anuais

Os créditos iniciais son os asignados a cada partida orzamentaria no presuposto aprobado para cada exercicio nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Os créditos definitivos veñen determinados polos créditos iniciais aumentados ou diminuídos como consecuencia de modificacións orzamentarias, que se realizan conforme ao disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Os créditos iniciais presupostados en euros para o exercicio rematado o 31 de decembro de 2014, e posteriormente modificados foron os seguintes:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	Créditos		Ampliación de		Transferencias		Incorporación		Xeración de		Bajas de		Créditos	
		Inicio	Fin	Créditos		Crédito		de remanentes		Crédito		Crédito		de mínimos	
100	Retribucións básicas	51.789,00												51.789,00	
